



**CARTA DE INTENCIÓNS PARA A ADQUISICIÓN DE PARTICIPACIÓNS
SOCIAIS DA SOCIEDADE
'ENERXÍA COMUNITARIA, S.L.'**

En Vigo, a ____ de _____ de 20____

REUNIDOS

No lugar e data indicados no encabezamento,

Dunha parte,

A Sra. Dona SARA LOUREDO CASADO, provista de Número de Identificación Fiscal (NIF) 53198894D, con domicilio en Praza do Escultor Xoán Piñeiro, 1, na cidade de Vigo, na provincia de Pontevedra; e o Sr. D. JULIO COSTAS COMESAÑA, provisto de Número de Identificación Fiscal (NIF) 36046647N, con domicilio en Estrada da Balsa, 77, na cidade de Vigo, na provincia de Pontevedra; ambos actúan, na súa condición de administradores mancomunados, como representantes da entidade ENERXÍA COMUNITARIA, S.L., provista de Código de Identificación Fiscal (CIF) B75788489 e con domicilio social na Rúa das Pedreiras, 2, na cidade de Vigo, na provincia de Pontevedra; no sucesivo Parte Oferente das Participacións Sociais de Enerxía Comunitaria, S.L., ou OFERENTE.

Doutra parte,

O Sr./Sra. D./Dona _____, provisto de Número de Identificación Fiscal (NIF) _____, con domicilio en _____, na cidade de _____, na provincia de _____; quen actúa no seu propio nome e representación / en representación da entidade _____, provista de Código de Identificación Fiscal (CIF) _____ e con domicilio social en _____, na cidade de _____, na provincia de _____; no sucesivo Parte Demandante das Participacións Sociais de Enerxía Comunitaria, S.L., ou DEMANDANTE.



CONSIDERANDO

PRIMEIRO. Enerxía Comunitaria, S.L., unha empresa enerxética 100% renovable e en mans da cidadanía

Enerxía Comunitaria, S.L., pretende construír un modelo de empresa enerxética diferente ás existentes, pois está baseada nos principios de sustentabilidade ambiental, social e económica, ten unha estrutura e unha xestión democráticas e é unha empresa aberta á participación de tódalas persoas e axentes que compartan os seus mesmos fins e valores.

Enerxía Comunitaria, S.L., foi constituída por sete persoas socias promotoras, cun capital social de 17.500€, dividido en 70 participacións sociais de 250,00€ de valor nominal unitario. Actualmente o seu Patrimonio Neto está constituído, na súa totalidade, polo capital social. Mais para que Enerxía Comunitaria, S.L., sexa tanto unha empresa en mans da cidadanía como un proxecto empresarial economicamente viable, precisa incrementar de forma notable o número de persoas socias e os recursos propios.

A tal fin, Enerxía Comunitaria, S.L., manifesta estar aberta á participación, como persoas socias, de toda a cidadanía en xeral e das súas asociacións; das cooperativas e das empresas; das comunidades de montes veciñais en man común; das institucións públicas e de todo o tecido asociativo, incluíndo ás asociacións comarcais para o desenvolvemento local e rural. En definitiva, Enerxía Comunitaria, S.L., constitúe unha iniciativa empresarial aberta á participación de toda persoa ou entidade que comparta os seus valores e fins, definidos nos Estatutos Sociais, no Código Ético e no Pacto de Socios.

SEGUNDO. Como participar no proxecto empresarial de Enerxía Comunitaria, S.L.

Mediante a sinatura desta Carta de Intencións a persoa ou entidade asinante manifesta a súa vontade de adquirir participacións sociais de Enerxía Comunitaria, S.L.. Esta subscripción de participacións sociais debe ir acompañada da súa adhesión ao Código Ético e ao Pacto de Socios.

A parte OFERENTE ten a vontade de adoptar o acordo ou acordos de aumento de capital social precisos para facer posible a entrada de novas persoas socias.

TERCEIRO. Interese do demandante en adquirir a condición de persoa socia

A parte DEMANDANTE declara coñecer e compartir o proxecto empresarial que representa Enerxía Comunitaria, S.L., así como estar interesada en adquirir a condición de persoa socia. Neste senso, a parte DEMANDANTE manifesta que a parte OFERENTE fíxolle entrega dun exemplar dos Estatutos Sociais, do Pacto de Socios e do Código Ético; documentos todos eles ademais dispoñibles na páxina web de Enerxía Comunitaria, S.L.



Igualmente, a parte DEMANDANTE declara que recibiu da OFERENTE información suficiente da natureza e características das participacións sociais de Enerxía Comunitaria, S.L., que desexa subscribir. Así mesmo, declara que recibiu da mesma parte as explicacións apropiadas e que, en consecuencia, coñece, comprende e acepta a totalidade dos riscos que o investimento comprometido poida entrañar e, en particular, asume a posibilidade de que se produzan perdas no nominal investido.

En virtude do ata aquí considerado,

É vontade de ambas partes celebrar este negocio xurídico, que de común acordo denominan "*Carta de intencións para adquisición de participacións sociais de ENERXÍA COMUNITARIA, S.L.*", que se regula polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA. Enerxía Comunitaria, S.L., asume fronte á parte DEMANDANTE o compromiso firme de que a súa Xunta Xeral adoptará os acordos precisos para aumentar a actual cifra do capital social. Cando sexa tomado o acordo, será comunicado de forma inmediata a todas aquelas persoas ou entidades que manifestaron o seu interese en subscribir novas participacións.

O aumento de capital realizarase mediante a emisión de novas participacións sociais, todas de igual valor nominal, coincidente co das participacións sociais emitidas na fundación da sociedade (250,00€), debendo consistir o seu contravalor necesariamente en novas aportacións realizadas exclusivamente en diñeiro.

SEGUNDA. A parte DEMANDANTE manifesta a súa vontade de concorrer a esa ampliación de capital, e a tal fin adquire o compromiso firme de subscribir e desembolsar integramente a contía de _____€, correspondente a _____ participacións sociais de nova emisión de Enerxía Comunitaria, S.L., de 250,00€ de valor nominal unitario.

TERCEIRA. Unha vez Enerxía Comunitaria, S.L., teña notificado á parte DEMANDANTE a apertura do prazo para a subscripción das novas participacións sociais emitidas, o desembolso comprometido pola parte DEMANDANTE terá que ser realizado nun prazo máximo de 30 días naturais desde tal comunicación. O ingreso da correspondente contía será realizado na conta bancaria con IBAN número ES62 3070 0045 1464 2228 9022, que figura aberta na sucursal 0045 - Vigo da entidade financeira CAIXA RURAL GALEGA, Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega, e da que Enerxía Comunitaria, S.L., é o seu titular único.



CUARTA. Mediante a sinatura desta CARTA DE INTENCIONS, a parte DEMANDANTE declara expresa e inequivocamente que recibiu da parte OFERENTE a información legalmente esixible en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Adicionalmente, a parte DEMANDANTE outorga a Enerxía Comunitaria, S.L., o seu consentimento explícito para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, os cales serán tratados por Enerxía Comunitaria, S.L., para a execución do contrato en que consiste presente documento, sendo tal execución a base xurídica de lexitimación para o tratamento e, suplíndose, no preciso, polo consentimento explícito outorgado.

QUINTA. Ambas partes se comprometen a actuar reciprocamente de acordo coas esixencias da boa fe no cumprimento dos termos e condicións expostos neste documento, en particular no caso de existir calquera dúbida ou controversia respecto dos termos do presente acordo.

No caso de suscitarse calquera procedemento xudicial derivado deste acordo, as partes conveñen, con expresa renuncia ao foro que lles puidese corresponder, o sometemento aos xulgados e tribunais da cidade de Vigo, na provincia de Pontevedra, sendo a lexislación aplicable, en todo caso, a española.

Asdo.,

Sr. / Sra. D. / Dona _____

NIF. _____

(p. p. _____)

(Sinatura ou certificado dixital)

Sr. / Sra. D. / Dona _____

NIF. _____

(p. p. _____)

(Sinatura ou certificado dixital)

Sr. / Sra. D. / Dona _____

NIF. _____

(p. p. _____)

(Sinatura ou certificado dixital)